

INTERVENCIÓN XERAL. Expediente 2018025870

OBXECTO DO EXPEDIENTE: Informe de control financeiro permanente da proposta de modificación das ordenanzas reguladoras dos servizos de saneamento de augas residuais e recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e taxa de saneamento, de forma que se incorpore ao ordenamento municipal o seu carácter de prestación patrimonial de carácter público non tributario, respecto de cada unha de elas, así como a revisión de tarifas do servizo de saneamento de augas residuais atendendo ao estudo de custes. aprobación da ordenanza reguladora da tarifa de saneamento

ANTECEDENTES

Incorpórase ao expediente a seguinte documentación:

- Estudio de custe presentado por Eudita.
- Alegacións de EMAFESA e estudio de custes formulado por KPMG a instancias desta última.
- Informe dos técnicos municipais avalando o estudo de Eudita.
- Informe xurídico da secretaría.
- Informe proposta de modificación da ordenanza reguladora da tarifa.

CONSIDERACIÓNS

Este informe de control financeiro permanente emítese por esixencia dos artigos 3.4, 29 e 32 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local e no artigo 4.1.b) do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local co habilitación de carácter nacional.

1. Verificación dos aspectos procedimentais.

A entrada en vigor da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común engadou, no seu artigo 133, un requisito mais ao réxime de aprobación das ordenanzas municipais, consistente na consulta pública aos cidadáns a través do portal web do Concello e outras medidas participativas que, segundo se desprende do expediente e do informe da Oficial maior, foron cumpridas. Sen embargo, esta trámite aplícase só para ao ordenanzas de novo establecementos, no para as adaptacións como é a que nos ocupa.

Procede agora a aprobación inicial das ordenanzas polo Pleno (art. 22.1.d) Lei 7/1985 de 2 de abril), por maioría simple, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións, a aprobación definitiva e a publicación no BOP para a súa entrada en vigor, en aplicación do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E preceptivo o informe da Comisión de prezos da Comunidade Autónoma.

2. Verificación do contido da ordenanza pola tarifa de saneamento.

a) A contraprestación polos servizos de saneamento de augas residuais e recollida de residuos urbanos entra na nova categoría de “tarifa” por ser prestado por una sociedade mixta, o primeiro, e por tratarse dunha concesión no que se traslada o resgo operacional ao concesionario, o segundo, innovación incorporada pola Lei 9/2017 de contratos do Sector Público, sendo os mais relevantes o

artigo 289.2, a DF 11^a, que modifica la LGT, e a DA 12^a que engade o apartado 6 ao artigo 20 do TRLFL, aprobado por RD Legislativo 2/2004, nos termos que xa se indican no expediente. É determinante a DF 43^a da LCSP que define os servizo que quedan sometidos ao réxime das tarifas.

b) Aspectos económicos.

As distintas propostas de tarifas que se contemplan no expediente cubren o custe do servizo, que se estima **en 2.369.637,20 euros**, sen prexuízo de estudos posteriores que se realizarán para valorar o custe en anos sucesivos aos efectos de eventuais regularizacións no caso de desequilibrio económico de la empresa mixta prestadora do servizo EMAFESA; se ben é certo que o réxime das tarifas permite a obtención de beneficios, a diferenza das taxas, que só permite cubrir o custe do servizo.

Debe destacarse que no custe do servizo inclúense o custe soportado polo Concello de Ferrol no convenio con Aquaes.

Polo anterior:

Infórmase favorablemente a proposta de aprobación da ordenanza reguladora das tarifas polo servizo de saneamento.